



## Epístola a Balbino

Xosé Vázquez Pintor

Hai un tempo grande de anos que non sei de ti  
e soño manolitos que non lembran a casa  
onde naceran sempre cadrando coas palabras:

non saben, non queren, non preguntan das orixes  
e medran a trasmau das angueiras do progreso.  
Levan calzas de pelele e van consigo tristes

porque arredan do teu canto nesa Voz da Terra  
que non aman: *veiga, luar, mencer e sapoconcho;*  
*primavera, cerdeira, seara e vagalume...*

Velaí que escribo neste inverno da beiramar  
co teu nome de val e alba en faltas ortográficas  
para que outro tempo os chame e neles acredite

a senrazón do odio, a tal mentira en “como tú”:  
a deserción da vida que cadra en desamor  
á aldea e aquela luz da estirpe identitaria

que ti es na mornura do sorriso, cando calas

*Xosé Vázquez Pintor*

*Outono 2010*

*50 anos hai daquel exilio*

